

NORMAS XERAIS PARA O FUNCIONAMENTO DE BOLSAS DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE MUXÍA.

Primeira. Obxecto e significado.

Se entende por bolsa de emprego temporal a realización priorizada de persoas candidatas as que se poderán ofertar nomeamentos como persoal funcionario interino, contratado laboral temporal ou nomeamento provisional por mellor a de emprego.

As presentes normas teñen por obxecto regular a xestión e funcionamento das bolsa de emprego temporal para suplir as necesidades de nomeamentos interinos e contratacións temporais a tempo completo ou a tempo parcial, de conformidade co ordenamento xurídico administrativo e as modalidades de contratación previstas na normativa laboral vixente. Isto sempre que o permita a dispoñibilidade orzamentaria, e con respecto aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, recollidos na lexislación reguladora da selección de persoal ó servizo das administracións públicas.

Segunda. Constitución.

Se constitúen as bolsas de emprego temporal no Concello de Muxía como resultado dun proceso selectivo de oposición y/o concurso oposición ou por convocatoria específica para a provisión temporal de necesidades de persoal.

Terceira. Postos a prover mediante as bolsas de emprego temporal.

Se proverá, a través das bolsas reguladas na presente normativa, aqueles postos de traballo do concello de Muxía que se identifiquen nalgunhas das seguintes circunstancias:

- a) A cobertura de postos temporalmente vacantes que no forma provistos de forma inmediata por persoal funcionario de carreira o persoal laboral fixo.
- b) A substitución da `persoa titular ou ocupante dun posto de traballo.
- c) A execución de programas de carácter temporal e de duración determinada que, en principio, no poderán tener un prazo superior a tres anos. O seu prazo máximo dentro do límite de tres anos, deberá facerse constar expresamente no nomeamento e respondera a necesidade non permanentes da administración. Excepcionalmente poderá ser prorrogado anualmente sempre que o programa este vixente nese momento, con dotación orzamentaria para elo e se acredite que forma expresa a necesidade da prórroga. Neste suposto, a suma do prazo

máximo en que se fixera constar no nomeamento e na prórroga non pode exceder de 4 anos.

- d) O exceso ou acumulación de tarefas de carácter excepcional e circunstancial por un prazo máximo de seis meses durante período de doce meses.
- e) A contratación de persoal laboral temporal.

Cuarta. Ámbito subxectivo.

Serán incluídas nas bolsas de emprego temporal do Concello de Muxía, para cada unha das prazas y/o categorías:

- a) As persoas que, participando no correspondente proceso selectivo específico de bolsa superado o mesmo, tanto pola quenda xeral como pola reservado a discapacidade, ordenadas en función da puntuación obtida.
- b) As persoas que, participando nas probas selectivas de acceso ao corpo, categoría outras agrupacións profesionais ou escala profesional derivadas das posibles oferta de emprego público do concello de Muxía, superando a totalidade dos procesos selectivos sen obter praza, ata completar o número de membros que conformen a bolsa. En caso de necesidade, engadiranse os aspirantes que tendo participado nas probas de acceso ao corpo, categoría, escala profesional ou agrupacións profesionais, aprobaran algún dos exercicios, ordenados segundo a suma da puntuación obtida na fase de oposición.

En todos os casos, deberá atenderse ao establecido legalmente en canto ao porcentaxe de reserva para persoas con discapacidade física e intelectual.

Quinta. Procedemento de chamamento e lista de gardas.

O chamamento das persoas aspirantes faranse por orde de prelación na lista, utilizando o medio escollido por eles na solicitude (teléfono o correo electrónico). No caso do teléfono se realizará un total de 3 chamadas telefónicas, debendo transcorrer un intervalo de dúas horas entre cada una de elas.

Os chamamentos faranse entre as 9.00h e as 14.00h quedando constancia dos mesmos no expediente mediante unha dilixencia do empregado público que os efectúe, indicará o día, hora e resultado do chamamento respecto de cada aspirante.

As persoas aspirantes disporán dun prazo de vinte e catro horas para aceptar expresamente o nomeamento, non será terán en conta os días inhábiles. Este prazo

soamente se poderá ampliar por motivos xustificados, do cal se deberá deixar constancia no expediente. O rexeitamento ou a non aceptación no prazo establecido suporá a exclusión da persoa aspirante da lista correspondente agás nos casos de rexeitamento xustifico (norma sexta).

Nos chamamentos para realizar interinidades por acumulación de tarefas, se fará constar o período de suspensión debido á limitación temporal de este tipo de nomeamentos.

Sexta. Rexeitamento xustifico con permanencia na lista de garda.

Son causas xustificadas para rexeitar os chamamentos :

- a) Maternidade, paternidade, acollemento ou adopción legal durante o período do correspondente permiso o licenza ou o período equivalente no caso de desempregados que se atopan en situacións similares.
- b) Incapacidade temporal ou enfermidade da persoa aspirante debidamente acreditada mediante parte de baixa ou certificado médico expedido pola Seguridade Social.
- c) Incoación de dilixencias xudiciais en caso de ser vítima de violencia de xénero.
- d) Coincidencia coa celebración de matrimonio ou unión de feito, debidamente acreditada mediante documento público, durante o período do correspondente permiso.
- e) Falecemento, accidente ou enfermidade grave de familiar grave ate o segundo grao de consanguinidade ou afinidade durante o período do permiso ou licenza.
- f) Coidado directo de menor de 0 a 3 anos ou familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade por razón de idade, enfermidade, accidente, sempre que se acredite a situación de dependencia ou a necesidade de asistencia por outra persoa.
- g) Estar a prestar servizos nunha administración ou empresa.
- h) Outras causas análogas que poidan ser tidas en consideración debidamente xustificadas.

En todo caso a causa de rexeitamento xustifico deberá quedar acreditada no expediente, aportándose pola persoa interesada a documento xustificativa no prazo de vinte e catro horas.

Durante o período que dure esta situación, os aspirantes aparecerán na lista de garda en situación de suspensión temporal por causas xustificadas, especificando, no seu

caso, a data de inicio e fin da situación. A persoa que este en causa de rexeitamento xustificado conservará a súa orde de prelación. Durante o prazo que dure esta situación non serán chamados en ningún caso.

As persoas aspirantes terán a obriga de comunicar a finalización da causa de suspensión no prazo de 10 días hábiles seguintes a que está se produza, en caso contrario quedarán en situación de baixa definitiva a lista de garda.

Calquera aspirante poderá solicitar voluntariamente saír da situación de suspensión temporal por causa xustificada e incorporarse a situación de alta a lista de garda. A alta efectiva na lista producirase no prazo de 10 días hábiles dende a solicitude.

Sétima. Exclusión da lista de garda.

Serán causa de exclusión definitiva y baixa automática da bolsa de procedencia:

- a) A xubilación, cando non se prolongue a súa permanencia no servizo nos termos previstos na normativa vixente.
- b) Simular ou falsear calquera das causas que xustifican o rexeitamento de ofertas de traballo.
- c) Por falta inicial ou sobrevenida de algún dos requisitos esixidos ou das circunstancias alegadas para a inclusión na bolsa. Así como a non superación do recoñecemento médico para cumprir as tarefas e funcións inherentes ao posto.
- d) Renuncia voluntaria ao nomeamento ou falta de xustificación da mesma.
- e) Cando resulte imposible a súa localización ou non responda a oferta no prazo previsto.
- f) Falta de presentación da documentación requirida para o nomeamento e toma de posesión.
- g) Persoal con un grao de discapacidade recoñecida incompatible co posto ofertado.
- h) Ser sancionado/a coa separación do servizo, despido por causas disciplinarias, pena de inhabilitación especial y/o inhabilitación a
- i) Toda extinción do contrato ou renuncia voluntaria da relación laboral temporal ou funcional co Concello de Muxía

Oitava. Permanencia e cese do persoal.

O cese do persoal funcionario interino e persoal laboral temporal se producirá unha vez desaparezan as circunstancias que deron lugar a seu nomeamento, se provea por persoal funcionario de carreira o posto, por renuncia, por amortización, cando se produza un incumprimento sobrevenido dos requisitos esixidos para o seu nomeamento, como consecuencia da modificación da clasificación do posto de traballo.

Con carácter xeral, unha vez finalizado o contrato suscrito ou o nomeamento de interinidade, se o período de vixencia é inferior a un ano, el/la aspirante se reintegra no mesmo posto que viña ocupando na bolsa de emprego temporal da que formara parte. Se polo contrario, o tempo de prestación fora superior ao ano, pasaría a ocupar o último posto no orde da lista.

Pola súa parte, permanecerán nos seus postos todos os interinos ou contratados laborais de interinidade, con praza que non fora cuberta mediante a correspondente convocatoria pública de emprego, sen prexuízo das demais causas previstas legalmente para o cese do persoal temporal.

Novena. Mellora de emprego.

As persoas que figuren na lista de garda correspondente e teñan formalizado un nomeamento o firmado un contrato de traballo nesta concello de duración inferior a un ano serán chamados para novos nomeamentos o contratos pola súa orde de prelación nos seguintes casos:

- a) Cando o nomeamento sexa para a execución dun programa de carácter temporal.
- b) Cando o nomeamento sexa para a cobertura dunha praza vacante.

Décima. Vixencia das listas de garda.

Considerase que as listas que se aproben terán unha duración máxima de tres anos, sen prexuízo de que poidan ser prorrogadas mentres non se aprobe unha nova lista de garda.

Toda lista de garda existente que a data de aprobación das presentes bases se encontren vixentes será substituídas polas nova listas de garda que se aproben a partir da vixencia destas bases.

